

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

9801 *Real decreto lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía.*

I

Os empregados públicos contribuíron cun esforzo notable e directo á recuperación económica e ao cumprimento dos compromisos adquiridos por España en materia de consolidación fiscal.

Ante o escenario de grave crise económica e dificultades de acceso ao financiamento adoptáronse, con carácter urxente, unha serie de medidas relativas ao emprego público co obxectivo de reducir o gasto público, contidas fundamentalmente no Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, e no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Tal e como se sinalaba na exposición de motivos do citado Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, estas medidas tiñan carácter temporal e estaba prevista a súa aplicación só mentres subsistisen as circunstancias económicas e financeiras excepcionais.

Nesta lexislatura traballouse intensamente para acadar os obxectivos de consolidación fiscal aplicando unha política fiscal e orzamentaria orientada á redución do déficit público que xerara crecemento económico e emprego.

Esta política fiscal e orzamentaria rigorosa, combinada coa aplicación das ambiciosas reformas estruturais aprobadas nesta lexislatura, deu bos resultados. Prova disto é que se avanzou no cumprimento das regras fiscais e se recuperou a senda do crecemento económico, restablecendo así a confianza internacional na economía española e aumentando a recadación tributaria. Todo isto está permitindo, de forma paulatina, cun impacto económico acorde coas posibilidades financeiras, a compensación dos esforzos realizados.

Desta maneira, a finais de 2013 procedeuse á restitución do cuarto día por asuntos particulares e, en 2014, á devolución do quinto día, con aplicación en todas as administracións públicas.

En relación coas retribucións, a Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, previu a devolución dunha cuarta parte (24,04 %) da paga extraordinaria suprimida en decembro de 2012, devolución que se fixo efectiva a partir de xaneiro de 2015.

Co obxectivo de continuar na senda dun crecemento económico sustentable, resulta necesario e urxente aprobar este real decreto lei, que contén, no seu capítulo I, un conxunto de medidas que contribúen directamente a estimular o crecemento económico, así como afondar no incremento da eficiencia no funcionamento do emprego público, de forma compatible co necesario cumprimento das regras fiscais.

Estas medidas son, en particular, as seguintes:

- Recuperación de parte da paga extraordinaria e adicional dos empregados públicos correspondente ao ano 2012.
- Modificación do número de días de permiso por asuntos particulares restituíndo un sexto día, incremento dos días de permiso por asuntos particulares en función da antigüidade e dos de vacacións recoñecidos no Estatuto básico do empregado público, igualmente en función da antigüidade.

En relación co réxime de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional para as funcións de tesouraría, urxe aprobar unha reforma lexislativa que permita atribuír o exercicio destas funcións á subescala de secretaria-intervención, na liña de profesionalización destas funcións introducida pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Con isto avánzase na profesionalización e na eficacia das funcións reservadas a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Dada a recente constitución das corporacións locais, queda acreditada a extraordinaria e urxente necesidade, co fin de evitar a paralización destas funcións na maioría dos concellos.

II

O capítulo II deste real decreto lei regula a concesión de diversos créditos extraordinarios e suplementos de crédito para financiar a recuperación parcial da paga extraordinaria e adicional dos empregados públicos, así como para atender necesidades dos ministerios de Defensa, de Fomento e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, nos termos que se expoñen a continuación:

1. Concesión dun suplemento de crédito no orzamento da sección 31, «Gastos de diversos ministerios», por importe de 251.858.960,10 euros, para o financiamento da recuperación de parte da paga extraordinaria e adicional dos empregados públicos correspondente ao ano 2012.

No presente real decreto lei régúlase, como se indicou anteriormente, o aboamento de cantidades en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria e adicional correspondentes ao mes de decembro de 2012, segundo o previsto no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. Con isto preténdese restituír o poder adquisitivo dos empregados públicos recuperando a paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012. Os indicadores macroeconómicos poñen de manifesto que se iniciou a senda da recuperación e do crecemento económico, o que permite devolver os esforzos realizados en prol da estabilidade orzamentaria.

Para proceder ao aboamento das retribucións citadas, concédese un suplemento de crédito na sección 31, «Gastos de diversos ministerios», por importe de 251.858.960,10 euros, que poderá ser transferido aos orzamentos dos distintos departamentos ministeriais e organismos públicos na medida en que non dispoñan de marxe de financiamento no seu capítulo 1, «Gastos de persoal».

2. Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Defensa por importe de 20.000.000 de euros, destinado á adquisición de vehículos.

O Exército de Terra precisa completar con urxencia a dispoñibilidade de vehículos tácticos e loxísticos para renovar e repor aqueles vehículos que sufriron unha deterioración prematura como consecuencia do uso intensivo a que é sometido o material, así como para levar a cabo a preparación do persoal encadrado nas sucesivas substitucións, empregando medios similares aos despregados nas operacións no exterior, de modo que se facilite o coñecemento destes e dos procedementos de emprego de cada un dos seus elementos. Trátase de diminuír os riscos derivados do uso inadecuado ou de reaccións de resposta non adestradas.

A situación é crítica con respecto a este tipo de material. A necesidade de apoio loxístico, adestramento e preparación dos continxentes que se despregan para as operacións activas e as que previsiblemente se inicien a curto prazo requiren que, con urxencia, se proceda a adquirir vehículos en cantidade suficiente para manter a capacidade de mobilidade táctica.

3. Concesión de créditos extraordinarios e un suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Fomento, por importe total de 282.382.758,73 euros que atenden as seguintes finalidades:

3.1 Créditos extraordinarios por importe total de 251.332.838,73 euros para atender o pagamento de obrigacións de exercicios anteriores.

No momento do peche contable e orzamentario do exercicio 2014 púxose de manifesto a existencia de gastos que non contaban con cobertura orzamentaria ou para os cales a prevista resultou insuficiente, ben que tales gastos figuran contabilizados e quedou rexistrada a súa incidencia no déficit, en termos de contabilidade nacional, en 31 de decembro do dito exercicio.

Trátase de gastos correspondentes a actuacións investidoras da Dirección Xeral de Estradas relativos a expropiacións, xuros de demora, revisións de prezos e certificacións e liquidacións finais por un total de 251.332.838,73 euros.

Estes gastos, que constitúen obrigacións exixibles da Administración, deben ser regularizados e aplicados a orzamento para proceder ao seu pagamento, o que require dispor previamente do adecuado crédito orzamentario, a cuxa dotación se atende cos créditos que se aproban mediante este real decreto lei.

A imputación orzamentaria destas obrigacións require norma con rango de lei, de conformidade co establecido no artigo 34.4 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Por outra parte, dado que as obrigacións que se trata de satisfacer foron imputadas a déficit no ano 2014, os créditos extraordinarios que se conceden non reducen a capacidade de financiamento do Estado no ano 2015 polo que, en aplicación dos disposto no artigo 59 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, non son susceptibles de financiamento con cargo ao Fondo de Continxencia de execución orzamentaria. En consecuencia, o presente real decreto lei recolle o financiamento dos créditos extraordinarios con débeda pública.

Proceder ao pagamento destas obrigacións que ineludiblemente debe satisfacer a Administración e non demorar o seu aboamento, para non causar prexuízos aos terceiros afectados, así como poder satisfacelas antes de finalizar o exercicio orzamentario corrente, constitúen as razóns que xustifican a concesión dos créditos extraordinarios mediante real decreto lei.

3.2 Suplemento de crédito por importe de 31.049.920 euros para atender os gastos derivados do afundimento do buque «Oleg Naydenov».

Como consecuencia do afundimento e extracción do combustible do buque «Oleg Naydenov», a entidade pública empresarial Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (Sasemar), entidade adscrita á Secretaría Xeral de Transporte do Ministerio de Fomento, baixo a superior dirección do secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda e a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, realizou e debe acometer durante o exercicio 2015 determinadas actuacións de loita contra a contaminación do medio mariño, cualificadas como servizo público de acordo co disposto polo artigo 264 do Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o novo texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

O acometemento das actuacións indicadas por parte de Sasemar supón uns maiores gastos por importe de 31.049.920 euros en determinadas partidas do seu orzamento de explotación para 2015, non consideradas inicialmente, que se recollen na conta «Traballos realizados por outras empresas», incluída na epígrafe «Aprovisionamentos», para financiar os gastos extraordinarios derivados do afundimento e para a extracción do combustible do buque «Oleg Naydenov».

Este incremento de gasto finánciase, no orzamento de explotación, mediante un aumento na conta «Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio» e mediante o incremento das transferencias correntes a favor de Sasemar, dentro do orzamento da Dirección Xeral de Mariña Mercante, polo mesmo importe de 31.049.920 euros.

O artigo 67.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, sinala que a competencia para a modificación dos orzamentos de explotación e de capital que afecten as achegas estatais recollidas nos orzamentos xerais do Estado corresponde á mesma

autoridade que a tivese atribuída respecto dos correspondentes créditos orzamentarios, polo que se procede á súa inclusión neste real decreto lei.

A necesidade de realizar as actuacións precisas para a extracción do combustible remanente no buque naufragado constitúen as razóns extraordinarias que xustifican a tramitación do suplemento de crédito mediante real decreto lei.

4. Concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por importe total de 76.329.922,47 euros que atenden as seguintes finalidades:

En primeiro lugar, trátase de regularizar e aplicar a orzamento gastos que no momento do peche contable e orzamentario do ano 2014 non contaban con cobertura orzamentaria ou para os cales a prevista resultou insuficiente ocasionados por certificacións, revisións de prezos, expropiacións e outras incidencias relativas a actuacións investidoras da Dirección Xeral da Auga, por importe de 36.010.368,32 euros.

En segundo lugar, dótanse de financiamento as confederacións hidrográficas para que procedan, igualmente, ao pagamento de obrigacións de exercicios anteriores relativas ao IBI correspondente a bens de titularidade estatal por importe de 40.319.554,15 euros.

As operacións anteriores, por importe de 76.329.922,47 euros, foron contabilizadas e quedou rexistrada a súa incidencia no déficit do ano 2014, polo que os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito que se conceden por este importe non reducen a capacidade de financiamento do Estado no presente exercicio.

Todos os gastos anteriores, que constitúen obrigacións exhibibles da Administración, deben ser regularizados e aplicados ao orzamento para proceder ao seu pagamento, o que require dispor previamente do correspondente crédito orzamentario.

A imputación orzamentaria destas obrigacións require norma con rango de lei de conformidade co establecido no artigo 34.4 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Proceder ao pagamento de obrigacións exhibibles que ineludiblemente debe satisfacer a Administración e a necesidade de non demorar o seu aboamento para non causar prexuízos aos terceiros afectados constitúen as razóns que xustifican a concesión dos créditos extraordinarios e os suplementos de crédito mediante real decreto lei.

III

O capítulo III inclúe, finalmente, medidas para mellorar a liquidez dos concellos que teñen problemas financeiros e para seguir reducindo a morosidade do sector público.

En primeiro lugar, e como parte do compromiso co impulso do crecemento económico, preténdese dotar de liquidez a curto prazo os concellos que se encontran nunha situación de risco financeiro e que se incluían entre os que puideron solicitar a adhesión ao Fondo de Ordenación, constituído mediante o Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro. Trátase de resolver a situación financeira en canto ao cumprimento das obrigacións de pagamento fronte ás entidades de crédito, xa que aquel fondo pode atender vencementos pero non proporciona, a curto prazo, recursos financeiros a aquelas entidades. A medida considérase de urxente e extraordinaria necesidade porque permite aos novos gobernos locais de concellos con fortes desequilibrios financeiros dispor de recursos para atender obrigacións de pagamento de vencemento e exixibilidade inmediatos, sen incorreren en impagamentos de gastos cuxo pagamento é prioritario.

En segundo lugar, preténdese dar un paso máis no proceso de erradicación da morosidade.

A morosidade é un problema económico non só para as propias administracións, que ven afectada a súa sustentabilidade financeira polo sobrecusto que supón no tempo o pagamento dos xuros de demora, senón que tamén afecta as empresas. Aos provedores das administracións, a morosidade pública xéralles custos de transacción e de financiamento coas conseguintes perdas de eficiencia e competitividade que isto comporta para o conxunto da economía.

Dada a relevancia económica deste problema, nesta lexislatura puxéronse en marcha importantes reformas conxunturais e estruturais que permitiron limpar o stock de facturas pendentes de pagamento no sector público e sentar as bases para evitar que este problema non se repita no futuro.

Non obstante, a Comisión Europea notificou ao Reino de España unha carta de emprazamento en que observan algúns datos que poñen de manifesto o incumprimento dalgúns dos prazos de pagamento fixados pola Directiva 2011/7 /UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para estes efectos, recoñece os avances e reformas normativas acometidas para erradicar a morosidade no sector público pero aconsella avanzar igualmente na redución dos prazos de pagamento no sector privado.

Co obxectivo de afondar nestas reformas estruturais de erradicación da morosidade e coadxuvar no adecuado cumprimento dos prazos de pagamento establecidos pola citada directiva europea, modifícase a Lei de contratos do sector público para incluír o período medio de pagamento a provedores do empresario como elemento acreditativo da súa solvencia económica e financeira cando concorre a un proceso de contratación pública.

Esta medida resulta necesaria e urxente ao incentivar de forma inmediata o adecuado cumprimento dos prazos de pagamento previstos na indicada directiva europea, especialmente por parte do sector privado tal e como aconsella a Comisión Europea na súa carta de emprazamento, e contribúe a afianzar o crecemento económico.

IV

O Real decreto lei inclúe, ademais, unha disposición adicional cuarta pola que se autoriza a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para peñorar os activos da conta especial reservada para as operacións do Programa operativo da iniciativa peme 2014-2020 (EIF/SME Initiative Spain–Dedicated Window Account) en favor do Fondo Europeo de Investimentos (FEI), mediante a celebración do oportuno contrato de peñor.

O peñor constituirase en garantía do cumprimento das obrigacións do Reino de España co FEI nadas de conformidade cos acordos subscritos entre o Reino de España e o FEI relativos ao Programa operativo da iniciativa peme 2014-2020.

De acordo co artigo 39.7 do Regulamento 1303/2013, as solicitudes de pagamento dun Estado membro á Comisión baséanse nos importes solicitados polo FEI que se consideren necesarios para financiar os compromisos relativos a contratos de garantía ou operacións de titulización. Así mesmo, exige que os pagamentos dos Estados membros ao FEI se realicen sen dilación e, en calquera caso, antes de que o FEI asuma os compromisos coas entidades financeiras. Por tanto, a iniciativa non se pode pór en marcha sen que o FEI dispoña dos importes solicitados na conta do peñor.

Ao tratarse dunha actuación nova, o proceso de consultas e discusións para adoptar un marco legal adecuado respecto dos acordos para pór en marcha a iniciativa prolongáronse en exceso. Tendo en conta que a Comisión Europea procedeu xa ao reembolso dos importes solicitados, a propia Comisión está reclamando que estas cantidades sexan transferidas ao FEI de forma urxente, o que xustifica a inclusión da medida no presente real decreto lei.

Así mesmo, o real decreto lei inclúe unha disposición derradeira mediante a que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, co fin de abordar dúas cuestións fundamentais no sistema de acceso e provisión de postos do persoal docente e investigador das universidades públicas. Por un lado, considérase o acceso ao corpo de catedráticos de universidade mediante promoción interna, reservada aos profesores titulares que obtivesen a acreditación nacional para catedrático de universidade. E, en segundo lugar, establécese, con carácter permanente, a posibilidade de provisión de postos docentes vacantes nunha universidade con profesores titulares e catedráticos doutras universidades, que foi autorizada temporalmente pola Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.

Tras varios anos en que as novas incorporacións e promocións do profesorado universitario estiveron limitadas pola aplicación da taxa de reposición, a política das universidades por reter o talento e, por tanto, aplicar a taxa de reposición en reter profesores novos tivo, por outro lado, un efecto negativo sobre o corpo de catedráticos de universidade. A xubilación dos catedráticos de universidade non puido ser compensada con novos catedráticos ao careceren as universidades de taxas de reposición para podelo facer. Isto provocou unha evidente e acelerada descompensación nos cadros de persoal de profesores funcionarios universitarios, que queda resolta coa aplicación da promoción interna. A promoción interna, aberta ao corpo de profesores titulares de universidade, vai permitir establecer en cadros de persoal a distribución adecuada entre profesores titulares de universidade e catedráticos de universidade, ao tempo que non modifica o número total de profesores funcionarios.

A inclusión no real decreto lei destas medidas dirixidas a estimular a promoción e a mobilidade do persoal docente e investigador xustifícase na urxente necesidade de proceder á súa implantación no curso académico 2015/16, que está comezado. Esta inclusión tamén dá resposta á demanda do sistema universitario español, que permitirá mellorar de forma inmediata a eficacia e eficiencia das universidades públicas na asignación dos recursos humanos, activos esenciais para mellorar a calidade dos servizos públicos que prestan. Aínda que a aplicación dalgunha destas medidas se autorizou con carácter temporal en 2015, a maximización dos seus efectos positivos require a súa consolidación na arquitectura universitaria, mediante a súa incorporación na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

V

Sen prexuízo das razóns particulares que se foron sinalando en cada caso, a necesidade de impulsar o crecemento económico coa maior celeridade posible para contribuír á creación de emprego xustifica a concorrencia, no conxunto de medidas que constitúe o contido da presente disposición, das circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española para recorrer á figura do real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado no relativo ao capítulo II e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de setembro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas en materia de emprego público

Artigo 1. Recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público.

Un. Recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público.

1. As distintas administracións públicas, así como os seus entes dependentes e vinculados, aboarán, dentro do exercicio 2015, e por unha soa vez, unha retribución de carácter extraordinario cuxo importe será o equivalente a 48 días ou ao 26,23 por cento dos importes deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, por aplicación do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, co alcance e límites establecidos no presente artigo.

2. As cantidades que se poderán aboar por este concepto, sobre o importe deixado de percibir por cada empregado en aplicación do artigo 2 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, serán as equivalentes á parte proporcional correspondente a 48 días da paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico e pagas adicionais do mes de decembro. Naqueles casos en que non procedese o recoñecemento da totalidade da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012, os 48 días reduciranse proporcionalmente ao cómputo de días que correspondese.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, o cómputo da parte da paga extraordinaria e pagas adicionais que corresponde a 48 días, ou cifra inferior, realizarase, no caso do persoal funcionario ou estatutario, conforme as normas de función pública aplicables en cada Administración, ou, no caso do persoal laboral, conforme as normas laborais e convencionais, vixentes no momento en que se deixaron de percibir as ditas pagas.

As cantidades que se recoñezan por este concepto ao persoal a que se refire o número 5 do artigo 2 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, por non recollese no seu réxime retributivo a percepción de pagas extraordinarias ou por percibir máis de dúas ao ano, serán as equivalentes a un 26,23 por cento do importe deixado de percibir por aplicación do mencionado precepto.

As cantidades que se aboan minoraranse nas contías que se satisfixesen por estes mesmos conceptos e períodos de tempo como consecuencia de sentenza xudicial ou outras actuacións.

3. Cada Administración pública aboará as cantidades previstas neste artigo dentro do exercicio 2015, se así o acorda e se a súa situación económico-financeira o fai posible. De non permitilo a súa situación económico-financeira en 2015, o aboamento poderase facer no primeiro exercicio orzamentario en que a dita situación o permita.

No suposto de que en aplicación deste precepto sexa máis dunha Administración á que lle correspondese efectuar o aboamento deste tramo de paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico e pagas adicionais do mes de decembro de 2012, cada Administración poderá aboar, como máximo, a parte proporcional deste tramo que lle correspondese facer efectiva en decembro de 2012.

4. As contías satisfeitas por aplicación do establecido neste artigo minorarán o alcance das previsións contidas no número 4 do artigo 2 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo.

Dous. Recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público estatal.

1. O persoal do sector público estatal definido nas letras a), d) e e) do número un do artigo 22 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, así como o persoal das sociedades, entidades e resto de organismos das letras f) e g) do dito precepto que pertencen ao sector público estatal percibirá as cantidades previstas no número un.2 deste artigo.

2. A recuperación da paga extraordinaria e pagas adicionais a que se refire o número anterior efectuarase conforme as seguintes regras:

a) O persoal incluído nos puntos 1 e 2 do artigo 3 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, percibirá a parte proporcional correspondente a 48 días da paga extraordinaria e pagas adicionais ou equivalentes do mes de decembro de 2012 que foron suprimidas. Naqueles casos en que non procedese o recoñecemento da totalidade da paga extraordinaria e pagas adicionais ou equivalentes do mes de decembro de 2012 que foron suprimidas, os 48 días reduciranse proporcionalmente ao cómputo de días que correspondese.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, para o cálculo das cantidades correspondentes aos 48 días, en relación co número de días totais que comprenden a paga extraordinaria e pagas adicionais ou equivalentes do mes de decembro de 2012 que

foron suprimidas, utilizaranse as regras de cómputo aplicables a cada tipo de persoal de acordo co seu réxime xurídico en vigor no momento en que se produciu a supresión.

Sempre que a normativa aplicable non dispoña outra cousa, o número de días totais a que se fai referencia no parágrafo anterior será de 183.

b) Sen prexuízo do disposto no artigo 519 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, o persoal incluído nos puntos 3, 3 bis, 3 ter e 4 do artigo 3 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, percibirá un 26,23 por cento dos importes deixados de percibir por aplicación dos ditos preceptos.

c) O previsto na letra a) será de aplicación aos secretarios de Estado, subsecretarios, directores xerais e asimilados, así como aos conselleiros permanentes e secretario xeral do Consello de Estado, nos mesmos termos que ao persoal funcionario.

Ao persoal a que se refire o artigo 24.tres da Lei 2/2012, do 29 de xuño, aplicaráselle igualmente o previsto na letra a). En caso de non ter tido dereito á percepción de paga extraordinaria, percibirán un 26,23 por cento do importe deixado de percibir por aplicación do artigo 4 do Real decreto lei 20/2012.

d) Os altos cargos incluídos nos puntos 1 e 3 do artigo 4 do Real decreto lei 20/2012 percibirán un 26,23 por cento do importe deixado de percibir por aplicación do artigo 4 do Real decreto lei 20/2012.

e) Ao persoal que, sen ter variado a natureza xurídica da súa relación de servizos coa Administración do Estado, cambiase de destino dentro dela, as cantidades a que se refire o presente número seranlle aboadas polo ministerio, organismo ou entidade en que se encontre prestando servizos na data de entrada en vigor da presente norma, logo de petición dirixida ao órgano de xestión de persoal acompañada de certificación da habilitación de orixe dos conceptos e importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012. No suposto de que a dita certificación xa fose presentada anteriormente, non será necesario presentala novamente.

Ao persoal que pasase a prestar servizos nunha Administración pública distinta, as cantidades a que se refire o presente número seranlle aboadas polo ministerio, organismo ou entidade á cal correspondese aboar a paga extraordinaria, logo de petición dirixida ao órgano de xestión de persoal.

Ao persoal que non se encontre en situación de servizo activo ou asimilada na data de entrada en vigor desta norma ou que perdese a condición de empregado público, as cantidades a que se refire a presente disposición seranlle aboadas polo ministerio, organismo ou entidade a que correspondese aboar a paga extraordinaria, logo de petición dirixida ao órgano de xestión de persoal, acompañada de certificación da habilitación de orixe dos importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes correspondentes ao mes de decembro de 2012.

En caso de que o persoal de que se trate falecese no momento da entrada en vigor da presente disposición, a petición a que se refire o parágrafo anterior deberán formulala os seus herdeiros conforme o dereito civil.

f) O previsto nos números anteriores será de aplicación, así mesmo, ao persoal das fundacións do sector público estatal, dos consorcios participados maioritariamente pola Administración xeral do Estado ou polos organismos ou entidades dependentes dela, así como ao do Banco de España e ao persoal directivo e resto de persoal das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e das súas entidades e centros mancomunados.

Tres. Suspéndese e déixase sen efecto a aplicación do artigo 24 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, no que resulte estritamente necesario para a aplicación do establecido no presente artigo.

Catro. Os números un e tres do presente artigo teñen carácter básico e dítanse ao abeiro dos artigos 149.1.18.^a, 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Artigo 2. *Modificación da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.*

Modifícase a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, nos seguintes termos:

Un. Modifícase a letra k do artigo 48, que queda redactada como segue:

«Artigo 48. *Permisos dos funcionarios públicos.*

Os funcionarios públicos terán os seguintes permisos:

k) Por asuntos particulares, seis días ao ano.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional décimo cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Permiso por asuntos particulares por antigüidade.*

As administracións públicas poderán establecer até dous días adicionais de permiso por asuntos particulares ao cumprir o sexto trienio, que se incrementará, como máximo, nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional décimo quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo quinta. *Días adicionais de vacacións por antigüidade.*

Cada Administración pública poderá establecer até un máximo de catro días adicionais de vacacións en función do tempo de servizos prestados polos funcionarios públicos.»

Artigo 3. *Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

Modifícase o número 2 do artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, que queda redactado como segue:

«2. A escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional subdivídese nas seguintes subescalas:

- a) Secretaría, á cal corresponden as funcións contidas no número 1.a) anterior.
- b) Intervención-tesouraría, á cal corresponden as funcións contidas no número 1.b).
- c) Secretaría-intervención á cal corresponden as funcións contidas nos números 1.a) e 1.b).»

CAPÍTULO II

Créditos extraordinarios e suplementos de crédito

Artigo 4. *Concesión dun suplemento de crédito no orzamento da sección 31, «Gastos de diversos ministerios», e autorización para efectuar transferencias de crédito.*

1. Para atender o pagamento das obrigacións a que se refire o presente real decreto lei correspondentes ao persoal do sector público estatal definido nas letras a), b), d) e e) do artigo 1 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2015, concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 31 «Gastos de diversos ministerios», servizo 02 «Dirección Xeral de Orzamentos. Gastos dos

departamentos ministeriais», programa 929M «Imprevistos e funcións non clasificadas», capítulo 1 «Gastos de persoal», artigo 12 «Funcionarios», concepto 121 «Retribucións complementarias», subconcepto 121.07 «Recuperación da paga extraordinaria e adicional dos empregados públicos correspondente a decembro de 2012», por importe de 251.858.960,10 euros.

Así mesmo, o suplemento de crédito poderá financiar as obrigacións que se orixinen no Instituto de Xestión Sanitaria (Inxesa) e no Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imserso).

2. Con cargo ao suplemento de crédito que se concede no número anterior, realizaranse as correspondentes transferencias de crédito para dotar nas seccións do orzamento do Estado que resulten procedentes, organismos públicos afectados, Inxesa e Imserso, os créditos necesarios para proceder ao aboamento da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012, na medida en que non poida ser cuberta coas dotacións existentes no capítulo 1, «Gastos de persoal», dos respectivos orzamentos.

3. Ás transferencias que se realicen en aplicación do disposto no número 2 deste artigo non lles será de aplicación a limitación establecida no artigo 52.1.c) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 5. *Concesión dun crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Defensa.*

Para a adquisición de vehículos destinados ao Exército de Terra, concédese un crédito extraordinario no orzamento da sección 14 «Ministerio de Defensa», servizo 12 «Exército de Terra», programa 122A «Modernización das Forzas Armadas», capítulo 6 «Investimentos reais», artigo 65 «Investimentos militares en infraestrutura e outros bens», concepto 651 «Adquisición de vehículos militares», por importe de 20.000.000 de euros.

Artigo 6. *Concesión de créditos extraordinarios e dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Fomento e modificación do orzamento de explotación de Sasemar.*

1. Para atender obrigacións de exercicios anteriores, concédense créditos extraordinarios no orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento», por importe total de 251.332.838,73 euros, segundo o detalle que se recolle no anexo I.

2. Para o financiamento dos gastos pola extracción do combustible do buque «Oleg Naydenov», concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento», servizo 32 «Dirección Xeral de Mariña Mercante», programa 497M «Salvamento e loita contra a contaminación no mar», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 44 «A sociedades, entidades públicas empresariais, fundacións e resto de entes do sector público», concepto 443 «A Sasemar para gastos derivados do afundimento do Oleg Naydenov», por importe de 31.049.920 euros.

3. Apróbase a modificación do orzamento de explotación para 2015 da entidade pública empresarial Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (Sasemar), que se xunta como anexo II e que inclúe o suplemento de crédito por importe de 31.049.920 euros contido no presente real decreto lei, o crédito extraordinario por importe de 9.636.360 euros concedido mediante Real decreto lei 6/2015, do 14 de maio, polo que se modifica a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, se conceden varios créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas de carácter tributario, e a transferencia de crédito por importe de 250.000 euros aprobada polo ministro de Facenda e Administracións Públicas para atender a contratación dos servizos de asistencia xurídica ao Estado español no estranxeiro derivados da catástrofe do buque «Prestige».

Artigo 7. *Concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.*

1. Para atender obrigacións de exercicios anteriores, concédense créditos extraordinarios no orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», por importe de 69.548.969,42 euros, segundo o detalle que se recolle no anexo III.

2. Para atender obrigacións de exercicios anteriores, concédense suplementos de crédito no orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», por importe de 6.780.953,05 euros, segundo o detalle que se recolle no anexo III.

Artigo 8. *Modificación dos orzamentos das confederacións hidrográficas.*

Para atender o pagamento de tributos locais de bens de titularidade estatal correspondentes a exercicios anteriores, concédense suplementos de crédito nos orzamentos das confederacións hidrográficas por importe total de 13.450.451,54 euros nos termos que se recollen no anexo IV.

Estes suplementos de crédito financiaranse cos créditos extraordinarios que se conceden no orzamento da Dirección Xeral da Auga e que figuran incluídos no anexo III.

Os restantes créditos extraordinarios que se conceden no anexo III con destino ás confederacións hidrográficas reflectiranse nos seus orzamentos de ingresos nos termos que se recollen no anexo IV.

Artigo 9. *Financiamento dos créditos extraordinarios.*

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se conceden mediante este real decreto lei no orzamento do Estado financiaranse con débeda pública.

Artigo 10. *Aplicación dos gastos ao orzamento.*

Os gastos que se imputen orzamentariamente aos créditos extraordinarios e suplementos de crédito, que para atender obrigacións de exercicios anteriores se conceden mediante o presente real decreto lei, deberán estar previamente contabilizados na conta 413 «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento» como consecuencia das actuacións de control financeiro permanente previstas no artigo 159.1 g) da Lei xeral orzamentaria ou das comunicacións dos centros xestores previstas na normativa contable e orzamentaria. A Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da intervención delegada no departamento ministerial ou organismo público correspondente, velará polo cumprimento deste requisito.

CAPÍTULO III

Outras medidas

Artigo 11. *Anticipos de financiamento a favor de determinados municipios.*

1. Mediante resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, poderanse conceder, aos concellos en que conorra a situación definida neste artigo, anticipos de carácter extraorzamentario por importe como máximo equivalente ao total das entregas á conta da participación en tributos do Estado do ano 2015. Os citados anticipos deberanse refinarciar mediante operacións de préstamo que se formalizarán en 2016 con cargo ao compartimento do Fondo de Ordenación, do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, regulado no Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

2. Poderán solicitar a concesión dos anticipos antes citados:

a) Os concellos que se encontren no ámbito subxectivo definido no artigo 39.1.a) do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, e que estaban incluídos na relación cuxa publicación foi aprobada pola Resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, do 12 de febreiro de 2015.

b) Os concellos aos cales se concederon anticipos da participación en tributos do Estado regulados no artigo 22 Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.

3. Os concellos que, encontrándose nas situacións descritas, soliciten os anticipos a que se refire este artigo, deberán presentar antes de 15 de outubro de 2015 acordo do pleno da corporación para acollerse á dita medida, en que se fixe o seu importe, e o compromiso de formalización en 2016 dunha operación de préstamo con cargo ao compartimento do Fondo de Ordenación, do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, para refinanciar o anticipo que se conceda, e de asunción de toda a condicionalidade que, en relación co dito compartimento, se contén no Real decreto lei 17/2014, incluíndo a aceptación das medidas que, se for o caso, indique o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na valoración que realice do plan de axuste que presente a entidade local en 2016. Unha vez concedido o anticipo, deberán proceder á apertura dunha conta bancaria da súa titularidade e de uso restrinxido en que se materializará o ingreso do anticipo. O acordo a que se refire este número poderá adoptalo a xunta de goberno local no caso de que concorran as circunstancias recollidas na disposición adicional décimo sexta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4. Os anticipos que se concedan deberán destinarse á cancelación de obrigacións pendentes de pagamento con provedores e contratistas, co fin de reducir o período medio de pagamento a provedores de modo que non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de morosidade, á execución de sentenzas firmes e ao pagamento de débedas pendentes coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social. En todo caso, para a cancelación das obrigacións pendentes de pagamento teranse en conta os criterios de prelación que resulten de aplicación.

5. Os municipios que soliciten os anticipos deberán presentar no mes de abril de 2016 os plans de axuste a que se refire o número 3 deste artigo e serán valorados pola Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local no mes de maio de 2016. Neste último mes, as citadas entidades adoptarán, se for o caso, as medidas que aquela indique, e modificarán nestes termos os plans de axuste presentados.

No mes de xuño de 2016 formalizaranse as operacións de préstamo co Fondo de Financiamento a Entidades Locais, compartimento Fondo de Ordenación, para cancelar os anticipos concedidos e con suxeición ás condicións que acorde a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. As citadas operacións non estarán suxeitas ao réxime de autorización establecido no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e, se for o caso, nas leis de orzamentos xerais do Estado.

6. No caso de que as corporacións locais non realicen en 2016 ningunha das actuacións mencionadas no número anterior, reintegrarán a totalidade do anticipo a partir da entrega á conta da participación en tributos do Estado de xullo do dito ano. O reintegro aplicarase polo 100 por cento das entregas sobre as cales se aplique. No caso de que concorra coas retencións a practicar en aplicación da disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, aquel terá carácter preferente fronte a estas e non computarán para o cálculo das porcentaxes que, nesta materia, regule a respectiva lei de orzamentos xerais do Estado.

7. Os concellos incluídos no ámbito subxectivo definido no número 2.a) deste artigo, que se adherisen ou se adhiran en 2015 ao compartimento Fondo de Ordenación do Fondo de Financiamento a Entidades Locais, ademais de se poder acoller aos anticipos previstos neste artigo, poderán solicitar, con carácter excepcional, antes do 15 de outubro de 2015, a formalización de préstamos con cargo a aquel compartimento, para a

cancelación da débeda pendente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e que estea sendo obxecto de compensación mediante a aplicación de retencións da participación en tributos do Estado, todo isto de conformidade coa condicionalidade establecida no Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro.

Artigo 12. *Modificación do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.*

Modifícase o número 1 do artigo 75, que queda coa seguinte redacción:

«1. A solvencia económica e financeira do empresario deberá acreditarse mediante un ou varios dos medios seguintes, á escolla do órgano de contratación:

a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito a que se refira o contrato, por importe igual ou superior ao exixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

b) Nos casos en que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe igual ou superior ao exixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

c) Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, no momento do peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigaón de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior ao exixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

Como medio adicional aos previstos nas letras anteriores deste número, o órgano de contratación poderá exixir que o período medio de pagamento a provedores do empresario, sempre que se trate dunha sociedade que non poida presentar conta de perdas e ganancias abreviada, non supere o límite que, para estes efectos, se estableza mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas tendo en conta a normativa sobre morosidade.»

Disposición adicional primeira. *Permisos e vacacións dos funcionarios públicos.*

A limitación que establece o número tres do artigo 8 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, para os convenios, pactos e acordos para o persoal funcionario e laboral das administracións públicas e dos seus organismos e entidades, vinculados ou dependentes delas, debe entenderse referida á nova redacción dada polo presente real decreto lei aos permisos e ás vacacións dos funcionarios públicos.

Disposición adicional segunda. *Aplicación do permiso por asuntos particulares por antigüidade á Administración xeral do Estado.*

O permiso a que fai referencia o artigo 2.dous deste real decreto lei será de aplicación na Administración xeral do Estado, organismos e entidades vinculados ou dependentes.

Disposición adicional terceira. *Vacacións adicionais por antigüidade na Administración xeral do Estado.*

Na Administración xeral do Estado, organismos e entidades vinculados ou dependentes, no suposto de ter completado os anos de antigüidade na Administración que se indican, terase dereito ao desfrute dos seguintes días de vacacións anuais:

- Quince anos de servizo: vinte e tres días hábiles.
- Vinte anos de servizo: vinte e catro días hábiles.

- Vinte e cinco anos de servizo: vinte e cinco días hábiles.
- Trinta ou máis anos de servizo: vinte e seis días hábiles.

Disposición adicional cuarta. *Xestión do Programa operativo da iniciativa peme 2014-2020.*

Autorízase a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a peñorar os activos da conta especial reservada para as operacións do Programa operativo da iniciativa peme 2014-2020 (EIF/SME Initiative Spain – Dedicated Window Account) en favor do Fondo Europeo de Investimentos (FEI), mediante a celebración do oportuno contrato de peñor.

Os activos peñorados da conta estarán formados:

- Polos depósitos constituídos polo Reino de España cos importes transferidos pola Comisión Europea con cargo ao Programa operativo da iniciativa peme 2014-2020.
- Por calquera outro crédito presente ou futuro que poida ter o Reino de España contra o acredor pignoraticio como resultado da xestión de activos de tesouraría.
- Por calquera crédito que poida ter o Reino de España contra o banco depositario en relación con esta conta.

O peñor constituirase en garantía do cumprimento das obrigacións do Reino de España co FEI nadas en virtude dos ou de conformidade cos acordos subscritos entre o Reino de España e o FEI relativos ao Programa operativo da iniciativa peme 2014-2020.

As achegas á conta mencionada no parágrafo primeiro instrumentaranse mediante operacións de tesouraría de carácter non orzamentario.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O artigo 1 do presente real decreto lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas que o artigo 149.1, regras 13.^a e 18.^a, da Constitución atribúen ao Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases do réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios, respectivamente.

Os artigos 2, 3 e 12 e a disposición derradeira segunda, así como a disposición adicional primeira do presente real decreto lei dítanse ao abeiro das competencias exclusivas que o artigo 149.1.18.^a da Constitución atribúe ao Estado en materia de bases do réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios e sobre lexislación básica sobre contratos, respectivamente.

Os artigos 4 a 10 e a disposición adicional cuarta deste real decreto lei dítanse ao abeiro da competencia exclusiva que o artigo 149.1.14.^a da Constitución atribúe ao Estado en materia de facenda xeral.

O artigo 11 deste real decreto lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas que o artigo 149.1, regras 14.^a e 18.^a, da Constitución atribúen ao Estado en materia de facenda xeral e réxime xurídico das administracións públicas, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.*

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O número 2 do artigo 62 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Aos concursos poderán presentarse aqueles que fosen acreditados de acordo co regulado, para cada caso, nos artigos 59 e 60, así como os funcionarios do corpo de profesores titulares de universidade e do corpo de catedráticos de universidade.

Así mesmo, as universidades poderán convocar prazas de promoción interna, que estean dotadas no estado de gastos do seu orzamento, para o acceso ao corpo de catedráticos de universidade. Estas prazas, que non poderán superar o número máximo de prazas que sexan obxecto de oferta de emprego público de quenda libre, nese mesmo ano, para o acceso aos corpos docentes do artigo 56 desta mesma lei, convocaranse para funcionarios de carreira do corpo de profesores titulares de universidade ou da escala de investigadores científicos dos organismos públicos de investigación, que prestasen, como mínimo, dous anos de servizos efectivos baixo esta condición. Os funcionarios que participen nestes concursos terán que estar acreditados para o corpo docente de catedráticos de universidade».

Dous. O artigo 63 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 63. *Mobilidade do profesorado.*

As universidades poderán convocar concursos para a provisión de prazas docentes vacantes dotadas no estado de gastos dos seus orzamentos, de conformidade coas seguintes regras:

1.^a A convocatoria publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e no da comunidade autónoma, e deberá conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) A identificación de cada unha das prazas vacantes convocadas, que deberán figurar na relación de postos de traballo da universidade, de acordo co previsto no artigo 70 desta mesma lei, e sinalaranse, en todo caso, a súa denominación, características, corpo a que corresponde a vacante e a área de coñecemento.

b) Os criterios de valoración para a adxudicación das prazas vacantes, que deberán ser de carácter curricular e incluír o historial docente e investigador do candidato e o seu proxecto na correspondente materia ou especialidade e a capacidade de exposición oral.

2.^a Poderán participar nos concursos de provisión de vacantes aqueles que desempeñasen ao menos dous anos o posto de orixe e sexan:

a) Para postos de catedráticos: 1.^o Funcionarios de carreira do corpo de catedráticos de universidade das distintas universidades do territorio nacional. 2.^o Funcionarios de carreira da escala de profesores de investigación de organismos públicos de investigación da área de coñecemento a que corresponda a vacante, que dispoñan de acreditación para catedráticos de universidade.

b) Para postos de profesor titular: 1.^o Funcionarios de carreira do corpo de profesores titulares de universidade das distintas universidades do territorio nacional. 2.^o Funcionarios de carreira das escalas de investigadores científicos de organismos públicos de investigación e de científicos titulares de organismos públicos de investigación, da área de coñecemento á cal corresponda a vacante, que dispoñan de acreditación para profesores titulares de universidade.

3.^a Serán de aplicación aos concursos de mobilidade as normas previstas nos artigos 64, 65 e 66 desta lei.

Todos os requisitos de participación, así como os méritos alegados, deberán reunirse na data de finalización do prazo de presentación de instancias e acreditaranse na forma que se estableza nas respectivas convocatorias.

4.^a A praza obtida tras o concurso de provisión de postos deberá desempeñarse durante dous anos, ao menos, antes de poder participar nun novo concurso para obter unha praza distinta nesa ou outra universidade.

5.^a As prazas vacantes cubertas nestes concursos, en canto non supoñen ingreso de novo persoal, non computarán para os efectos da oferta de emprego público.»

Tres. O artigo 64 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 64. *Garantías das probas.*

1. Nos concursos de acceso, tanto de quenda libre como por promoción interna, quedarán garantidos, en todo momento, a igualdade de oportunidades dos candidatos e o respecto aos principios de mérito e capacidade.

2. Nos ditos concursos de acceso, as universidades farán pública a composición das comisións, así como os criterios para a adxudicación das prazas. Unha vez celebrados, farán públicos os resultados da avaliación de cada candidato, desagregada por cada un dos aspectos avaliados.»

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de setembro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

Sección 17: Ministerio de Fomento

Créditos extraordinarios que se conceden:**Servizo 38. Dirección Xeral de Estradas**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
453B <u>Artigo 60</u>	<u>Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u>	
Concepto 608	Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral: terreos e bens naturais. Obrigacións de exercicios anteriores.	100.554.263,41
Concepto 609	Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral: outras. Obrigacións de exercicios anteriores.	82.622.594,17
453B <u>Artigo 61</u>	<u>Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u>	
Concepto 618	Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral: terreos e bens naturais. Obrigacións de exercicios anteriores.	16.637.783,45
Concepto 619	Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral: outras. Obrigacións de exercicios anteriores.	10.858.894,75
453B <u>Artigo 62</u>	<u>Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos.</u>	
Concepto 628	Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos. Obrigacións de exercicios anteriores.	19.589,94
453B <u>Artigo 64</u>	<u>Gastos de investimentos de carácter inmaterial</u>	
Concepto 648	Gastos de investimentos de carácter inmaterial. Obrigacións de exercicios anteriores.	450.666,21
453C <u>Artigo 61</u>	<u>Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u>	
Concepto 618	Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral: terreos e bens naturais. Obrigacións de exercicios anteriores.	3.405.145,70
Concepto 619	Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral: outras. Obrigacións de exercicios anteriores.	36.783.901,10

Denominación dos programas

Programa 453 B: "Creación de infraestructura de estradas".

Programa 453 C: "Conservación e explotación de estradas".

ANEXO II

SOCIEDADE ESTATAL DE SALVAMENTO E SEGURIDADE MARÍTIMA (Sasemar)

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN PARA 2015

(Importe en miles de euros)

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	ORZAMENTO INICIAL	MODIFICACIÓN (*)	ORZAMENTO FINAL
A) OPERACIÓNS CONTINUADAS			
1. IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS	13.076		13.076
4. APROVISIONAMENTOS	- 55.876	- 40.686	- 96.562
c) Traballos realizados por outras empresas	- 55.876	- 40.686	- 96.562
5. OTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN	123.500	40.936	164.436
a) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	3.500		3.500
b) Subvencións de explotación ao resultado do exercicio	120.000	40.936	160.936
- Da Administración xeral do Estado	120.000	40.936	160.936
6. GASTOS DE PERSOAL	- 63.119		- 63.119
7. OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	- 11.404	- 250	- 11.654
a) Servizos exteriores	- 11.404	- 250	- 11.654
8. AMORTIZACIÓN DO INMOBILIZADO	- 34.695		- 34.695
9. IMPUTACIÓN DE SUBVENCIONES DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO E OUTRAS	30.498		30.498
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	1.980		1.980
18. GASTOS FINANCEIROS	- 1.980		- 1.980
A.2) RESULTADO FINANCEIRO	- 1.980		- 1.980
A.5) RESULTADO DO EXERCICIO	0		0

(*) A modificación inclúe o suplemento de crédito por importe de 31.049.920 euros contido no presente real decreto lei, o crédito extraordinario por importe de 9.636.360 euros concedido mediante o Real decreto lei 6/2015, do 14 de maio, polo que se modifica a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, se conceden varios créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas de carácter tributario, e a transferencia de crédito por importe de 250.000 euros aprobada polo ministro de Facenda e Administracións Públicas para atender a contratación dos servizos de asistencia xurídica ao Estado español no estranxeiro derivados da catástrofe do buque "Prestige".

ANEXO III

Sección 23: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

Créditos extraordinarios que se conceden:**Servizo 05. Dirección Xeral da Auga**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
452A <u>Artigo 60</u> Concepto 602	<u>Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u> Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Obrigacións de exercicios anteriores.	7.293.893,01
452A <u>Artigo 61</u> Concepto 614	<u>Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u> Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Obrigacións de exercicios anteriores.	12.991.766,99
452A <u>Artigo 62</u> Concepto 621	<u>Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos.</u> Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos. Obrigacións de exercicios anteriores	34.460,14
452A <u>Artigo 64</u> Concepto 641	<u>Gastos de investimentos de carácter inmaterial</u> Gastos de investimentos de carácter inmaterial. Obrigacións de exercicios anteriores.	102.050,45
456A <u>Artigo 60</u> Concepto 602	<u>Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u> Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Obrigacións de exercicios anteriores	7.139.307,77
456A <u>Artigo 61</u> Concepto 614	<u>Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u> Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Obrigacións de exercicios anteriores	90.379,97
456A <u>Artigo 64</u> Concepto 641	<u>Gastos de investimentos de carácter inmaterial</u> Gastos de investimentos de carácter inmaterial. Obrigacións de exercicios anteriores.	1.577.556,94
000X <u>Artigo 41</u> Concepto 412	<u>A organismos autónomos</u> Ás confederacións hidrográficas, para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal. Obrigacións de exercicios anteriores.	
	00 Confederación Hidrográfica do Douro	2.870.271,46
	01 Confederación Hidrográfica do Ebro	4.175.606,74
	02 Confederación Hidrográfica do Guadalquivir	16.290.208,63
	03 Confederación Hidrográfica do Guadiana	10.672.707,48

Aplicación	Denominación	Importe (Euros)
000X <u>Artigo 41</u>	<u>A organismos autónomos</u>	
Concepto 412	Ás confederacións hidrográficas, para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal. Obrigacións de exercicios anteriores.	
04	Confederación Hidrográfica do Xúcar	1.985.195,65
05	Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	118.860,67
06	Confederación Hidrográfica do Segura	671.375,91
07	Confederación Hidrográfica do Cantábrico	61.487,23
08	Confederación Hidrográfica do Texo	3.473.840,38

Suplementos de crédito que se conceden:

Servizo 05. Dirección Xeral da Auga

Aplicación	Denominación	Importe (Euros)
452A <u>Artigo 60</u>	<u>Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u>	
Concepto 609	Expropiacións, modificados, adicionais e outras incidencias de investimentos de exercicios anteriores	1.029.517,56
452A <u>Artigo 61</u>	<u>Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral</u>	
Concepto 619	Incidencias de investimentos de exercicios anteriores	4.964.051,15
456A <u>Artigo 60</u>	<u>Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u>	
Concepto 609	Expropiacións, modificados, adicionais e outras incidencias de investimentos de exercicios anteriores	787.384,34

Denominación dos programas

Programa 452A: "Xestión e infraestruturas da auga".

Programa 456A: "Calidade da auga".

Programa 000X: "Transferencias internas".

ANEXO IV

Modificación dos orzamentos das confederacións hidrográficas

Organismo 102: Confederación Hidrográfica do Cantábrico

INGRESOS

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
<u>Artigo 40</u>	<u>Da Administración do Estado</u>	
Concepto 400	Do departamento a que está adscrito	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	61.487,23
<u>Artigo 87</u>	<u>Remanente de tesouraría</u>	
Concepto 870	Remanente de tesouraría	- 61.487,23

Organismo 103: Confederación Hidrográfica do Douro

INGRESOS

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
<u>Artigo 40</u>	<u>Da Administración do Estado</u>	
Concepto 400	Do departamento a que está adscrito	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	2.870.271,46
<u>Artigo 87</u>	<u>Remanente de tesouraría</u>	
Concepto 870	Remanente de tesouraría	- 2.749.098,96

GASTOS

Suplemento de crédito:

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
452A <u>Artigo 22</u>	<u>Material, subministracións e outros</u>	
Concepto 225	Tributos	
	05 Tributos locais de bens de titularidade estatal, incluídas obrigacións de exercicios anteriores	121.172,50

Organismo 104: Confederación Hidrográfica do Ebro

INGRESOS

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
<u>Artigo 40</u>	<u>Da Administración do Estado</u>	
Concepto 400	Do departamento a que está adscrito	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	4.175.606,74
<u>Artigo 87</u>	<u>Remanente de tesouraría</u>	
Concepto 870	Remanente de tesouraría	- 4.175.606,74

Organismo 105: Confederación Hidrográfica do Guadalquivir**INGRESOS**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
<u>Artigo 40</u>	<u>Da Administración do Estado</u>	
Concepto 400	Do departamento a que está adscrito	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	16.290.208,63
<u>Artigo 87</u>	<u>Remanente de tesouraría</u>	
Concepto 870	Remanente de tesouraría	- 16.290.208,63

Organismo 106: Confederación Hidrográfica do Guadiana**INGRESOS**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
<u>Artigo 40</u>	<u>Da Administración do Estado</u>	
Concepto 400	Do departamento a que está adscrito	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	10.672.707,48

GASTOS**Suplemento de crédito:**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
452A <u>Artigo 22</u>	<u>Material, subministracións e outros</u>	
Concepto 225	Tributos	
	05 Tributos locais de bens de titularidade estatal, incluídas obrigacións de exercicios anteriores	10.672.707,48

Organismo 107: Confederación Hidrográfica do Xúcar**INGRESOS**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
<u>Artigo 40</u>	<u>Da Administración do Estado</u>	
Concepto 400	Do departamento a que está adscrito	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	1.985.195,65

GASTOS**Suplemento de crédito:**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
452A <u>Artigo 22</u>	<u>Material, subministracións e outros</u>	
Concepto 225	Tributos	
	05 Tributos locais de bens de titularidade estatal, incluídas obrigacións de exercicios anteriores	1.985.195,65

Organismo 108: Confederación Hidrográfica do Miño-Sil**INGRESOS**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
<u>Artigo 40</u>	<u>Da Administración do Estado</u>	
Concepto 400	Do departamento a que está adscrito	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	118.860,67
<u>Artigo 87</u>	<u>Remanente de tesouraría</u>	
Concepto 870	Remanente de tesouraría	- 118.860,67

Organismo 109: Confederación Hidrográfica do Segura**INGRESOS**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
<u>Artigo 40</u>	<u>Da Administración do Estado</u>	
Concepto 400	Do departamento a que está adscrito	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	671.375,91

GASTOS**Suplemento de crédito:**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
452A <u>Artigo 22</u>	<u>Material, subministracións e outros</u>	
Concepto 225	Tributos	
	05 Tributos locais de bens de titularidade estatal, incluídas obrigacións de exercicios anteriores	671.375,91

Organismo 110: Confederación Hidrográfica do Texo**INGRESOS**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (Euros)</u>
<u>Artigo 40</u>	<u>Da Administración do Estado</u>	
Concepto 400	Do departamento a que está adscrito	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	3.473.840,38
<u>Artigo 87</u>	<u>Remanente de tesouraría</u>	
Concepto 870	Remanente de tesouraría	- 3.473.840,38